



A necesaria renovación moral

Xosé Manuel Caamaño López¹

1.- Introducción

O pontificado de Francisco está supoñendo unha nova efervescencia no tratamento de moitas cuestións que afectan á vida da Igrexa e tamén da propia teoloxía, algo quizais unicamente comparable ao sucedido nos tempos do Concilio Vaticano II. Un dos ámbitos nos que penso que isto se percibe con claridade é na teoloxía moral, un ámbito sempre complexo e con moitos nós pendentes de desatar. De feito, non hai moito saía publicado un artigo de Julio L. Martínez na revista *Estudios Eclesiásticos* co título de «*Desatar nudos y afrontar desafíos*» e no que dicía o seguinte:

Os nós que temos que desatar veñen algúns de dentro da propia Igrexa, por heranzas pesadas recibidas ou desenvolvidas baseadas en enfoques mal orientados. Precisamos unha moral «non reducida a algúns aspectos que, aínda sendo importantes, non manifestan eles sos o corazón da ensinanza de Xesús». Se non afrontamos esta tarefa, «o edificio moral da Igrexa corre o perigo de caer coma un castelo de naipes, de perder a frescura e o perfume do Evanxeo.

Porque, en efecto, a moral católica leva tempo cuns nós que ata o presente parecían difíciles de desatar por numerosas razóns, especialmente por resistencias internas. Pero, ao mesmo tempo, o pontificado de Francisco está supondo xa un paso adiante nesa necesidade tan urxente de desatar aqueles nós que parecían estar

¹ Xosé Manuel Caamaño López é membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada* e profesor de Teoloxía Moral na Pontificia Universidade Comillas.